

Servizo de Proxectos de Enerxías Renovables da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Edificio Administrativo de San Lázaro s/n, 15871 Santiago de Compostela.

ASUNTO: Alegacións á RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2026, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, pola que se someten a información pública a solicitude das autorizacións administrativas previa e de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto do parque eólico Monte Cabeza II e das súas infraestruturas de evacuación, sitios nos concellos de Rodeiro e Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla e Chantada (Lugo) e promovido por Galicia Vento, S.L. (expediente IN408A 2024/025). DOG Núm. 138 Venres, 24 de xullo de 2026.

Don/Dona:

DNI:

Enderezo:

Poboación:

Teléfono:

EXPÓN: Á vista RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2026, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, pola que se someten a información pública a solicitude das autorizacións administrativas previa e de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto do parque eólico Monte Cabeza II e das súas infraestruturas de evacuación, sitios nos concellos de Rodeiro e Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla e Chantada (Lugo) e promovido por Galicia Vento, S.L. (expediente IN408A 2024/025), por medio do presente escrito, presenta as seguintes ALEGACIÓNS:

1. Impactos acumulativos e sinérxicos non avaliados

As instalacións implican ocupación de solo rústico, eliminación de vexetación e alteración do equilibrio actual, con efectos potencialmente irreversibles sobre o solo, a fauna, a flora e o equilibrio ecolóxico. No caso da subestación SET Soilán II non se avalían adecuadamente os impactos acumulativos con outras infraestruturas existentes na zona como son as plantas de almacenamento en baterías GRX Belesar I (expediente PB 13/2025) e GRX Belesar II (expediente PB 14/2025), a subestación Subestación SEC Soilán 220kV e a liña de alta tensión LSAT 220kV, todas elas fisicamente e operativamente conectadas.

No caso do parque eólico Monte Cabeza II non sen inclúen as súas liñas de evacuación ou punto de conexión concedido, evitando así minimizar os efectos acumulativos e sinérxicos da instalación tanto na tramitación técnica como medioambiental. Só se inclúe o último tramo de 148m desde o apoio 57. Se debe ter en conta que a LAT proposta alberga xa 2 circuitos (Padro Vello, Vacaloura) ao que se suma Maxal-Monte Cabeza II, o cal pode requirir dimensionamento da infraestrutura.

No caso da subestación SET Soilán II non se inclúe a liña de evacuación LSAT 220kV cara a subestación colectora SEC Soilan 220kV.

A potencia total na zona (máis de 550MW) supera a metade da potencia dunha central nuclear convencional a escasos metros de vivenda e a menos de 200m do núcleo habitado de Airoá.

2. Impacto paisaxístico, patrimonial e turístico, na zona de amortecemento (AZ) da zona BIC Ribeira Sacra

A instalación SET Soilán II se sitúa na zona de amortecemento (AZ) da zona BIC Ribeira Sacra ao estar localizada na parroquia de Pesqueiras (Decreto 166/2018), polo que se considera que se infrinxe a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), que protexe non só os bens culturais, senón tamén a súa contorna visual e paisaxística. A instalación prevista rompe a harmonía da paisaxe, altera a percepción visual e compromete a integridade do conxunto.

Ademais afecta a elementos patrimoniais próximos como a Igrexa de Santa María de Pesqueiras (Monumento Nacional no 1950), o Pazo Piñeiro ou a casas de Turismo Rural, reducindo o atractivo turístico e o valor cultural do territorio.

3. Riscos para a auga e o dominio público hidráulico

Tanto na fase de obra como na de explotación existe risco de contaminación da auga subterránea por posibles vertidos e contaminación de acuíferos, poñendo tamén en risco o abastecemento local.

4. Contaminación acústica e electromagnética que impacta na saúde e na calidade de vida.

O ruído continuo dos sistemas de refrixeración e dos transformadores son incompatibles cun entorno rural, afectando ao descanso, á saúde e ao benestar da poboación e dos animais.

A radiación electromagnética se relaciona con enfermidades como cancro e leucemia e se recomendan distancias mínimas á poboación, que xa están a ser consideradas por certas sentenzas do TSXG.

5. Afección ao sector primario e ao uso do solo

Prodúcese perda de solo agrario útil e afección a explotacións agrícolas e gandeiras, comprometendo a viabilidade do sector primario e contribuindo ao despoboamento.

6. Ausencia de impacto socioeconómico e interese público

Non se acredita que os beneficios derivados do proxecto compensen os impactos xerados, nin que exista un retorno claro para a poboación local en termos de emprego ou desenvolvemento. Pola contra, prevese unha desvalorización dos bens inmoables próximos e peor calidade de vida.

7. Vulneración do dereito á participación pública

A tramitación presenta deficiencias substanciais en materia de acceso á información e participación pública efectiva, en contradición co Convenio de Aarhus. A falta de comunicación coa veciñanza afectada, complexidade técnica da documentación e a limitación dos prazos dificultan o exercicio real deste dereito.

8. Incompatibilidade coa declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade

Este tipo de proxectos son incompatibles cos requisitos de Patrimonio da Humanidade como o ICOMOS indicou cunha avaliación negativa, sinalando precisamente a vulnerabilidade da súa integridade paisaxística e a preservación do Valor Universal Excepcional do lugar. Tamén incumpren as guías operacionais da UNESCO, que obrigan os Estados membros a informar sobre proxectos relevantes (restauracións, novas construcións, infraestruturas, etc.) que poidan afectar ese Valor Universal Excepcional.

9. Solicitude e concesión de subvención do IDAE para repotenciación do Parque Eólico Monte Cabeza II, sendo este un proxecto de nova creación

O parque eólico Monte Cabeza II (con nº de expediente PR-REPO2- 2026-000286) recibe subvención de 9,37M€ do IDAE según resolución do 28/07/2026 no programa para “Repotenciación de instalacións eólicas” sendo de nova creación.

10. As instalacións de acumulación BESS Belesar I a Belesar II conectadas á subestación SET Soilán pasan a funcionar como ‘hibridadas’ a parque eólicos e non como ‘standalone’ como se solicitou o seu acceso á rede, sendo regulados os accesos e os impactos baixo distintas normativas

SOLICITA:

Que se teñan por presentadas estas alegacións en tempo e forma e, na súa virtude, se proceda á desestimación do proxecto.

En _____ a _____ de _____ de 2026

Asdo: